



## Teaching Guide

Identifying Data					2022/23
Subject (*)	Chiropody 2			Code	750G02126
Study programme	Grao en Podoloxía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Second	Obligatory	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Janeiro Arocas, Julia Maria	E-mail	julia.janeiro@udc.es		
Lecturers	Janeiro Arocas, Julia Maria	E-mail	julia.janeiro@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal				
General description	<p>A materia de Quiropodología II forma parte do plan de estudos do título de Grao en Podoloxía como materia obrigatoria. Impártese no segundo cuadrimestre e consta de 6 créditos (4 Cr. teóricos e 2 Cr. prácticos).</p> <p>Proporciona ao alumnado coñecementos sobre: afeccións da pel susceptibles de tratamento quiropodolóxico: dermatopatías e queratopatías. O tratamento dos helomas e das súas causas. Toma de mostras para cultivos. Estudo e valoración do paciente candidato a tratamentos quiropodolóxicos. Coñecer e aplicar probas complementarias en Quiropodología. Onicología, patoloxía e tratamento conservador do aparello ungueal.</p>				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A113	CE49 -Coñecer, diagnosticar e tratar as dermatopatías e queratopatías, o tratamento dos helomas e das súas causas. *Onicología, patoloxía e tratamento conservador do aparello ungueal
A114	CE50 -Coñecer e utilizar as técnicas e tratamentos quiropodolóxicos e de administración de fármacos
A116	CE52 - Coñecer as características específicas dos pacientes diabéticos e de risco e aplicar as técnicas de exploración, estudo, diagnóstico e tratamento do pé diabético
A117	CE53 - Coñecer e empregar o instrumental de Quiropodoloxía e cirurxía podolóxica, as técnicas e procedementos en prevención da infección: métodos de limpeza, desinfección, esterilización e os seus controis
A118	CE54 - Coñecer e empregar os métodos da toma de mostras para cultivos a súa derivación e interpretación
A120	CE56 - - Coñecer e aplicar os métodos de estudo, probas complementarias e valoración do paciente candidato a tratamento quiropodolóxico
A122	CE58- Coñecer e diagnosticar a patoloxía do pé con indicación cirúrxica
A124	CE60 - Coñecer e aplicar a Farmacoloxía específica de uso podolóxico e a farmacología pre e post cirúrxica
B23	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B26	CB4 -Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B29	CG02 - Coñecer a estrutura e función do corpo humano en especial da extremidade inferior, semioloxía, mecanismos, causas e manifestacións xerais da enfermidade e métodos de diagnóstico dos procesos patolóxicos médicos e cirúrxicos, interrelacionando a patoloxía xeral coa patoloxía do pé.



B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, ffsico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B34	CG07 - Coñecer, deseñar e aplicar programas preventivos relacionados coa podoloxía e o fomento da atención podolóxica na poboación
C9	CT01 - - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C11	CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C14	CT06 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
C16	CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer, diagnosticar e tratar as dermatopatías e queratopatías, o tratamento dos helomas e das suas causas.	A113	B23	C9
	A114	B24	C11
	A116	B25	C14
	A117	B26	C16
	A118	B29	
	A120	B30	
	A122	B34	
	A124		
Coñecer, diagnosticar e tratar os papilomas e aplicar métodos de prevención.	A113	B23	C9
	A114	B24	C11
	A116	B25	C14
	A117	B26	C16
	A120	B29	
	A122	B30	
	A124	B34	
Coñecer a onicoloxía, patoloxía e tratamento conservador do aparato ungueal.	A113	B23	C9
	A117	B24	C11
	A118	B25	C14
	A120	B26	C16
	A122	B29	
	A124	B30	
		B34	
Coñecer e emplear o instrumental de cirurxía e quiropoloxía, os métodos de esterilización e a toma de mostras para cultivos.	A113	B23	C9
	A114	B24	C11
	A117		C14
	A122		C16
Coñecer, aplicar e interpretar probas complementarias en quiropodoloxía. Emitir un diagnóstico e pronóstico. Deseñar un plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.	A113		C9
	A118		C11
	A120		C14
	A122		C16



Valorar o paciente candidato a tratamentos quiropodolóxicos.	A113	B23	C9
	A114	B24	C11
	A116	B25	C14
	A117	B29	C16
	A118	B30	
	A120	B34	
	A122		
	A124		
Coñecer e utilizar as técnicas e tratamentos quiropodolóxicos, de administración de fármacos e de urxencias.	A114	B24	C9
	A116	B25	C11
	A120	B26	C14
	A124	B30	C16
		B34	

Contents	
Topic	Sub-topic
UNIDADE DIDACTICA 1	<p>Introdución á materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Partes de que consta a materia</li> <li>· Módulo teórico</li> <li>· Módulo práctico</li> <li>- Avaliación</li> <li>- Bibliografía recomendada</li> </ul>
UNIDADE DIDÁCTICA 2	<p>Tema 1: Identificación de lesións e alteracións da pel, patróns de distribución, diagnóstico, valoración e exploración. Dermatopatías máis habituais en Podoloxía. Queratodermia palmo plantar. Psoriasis. Dermatomicosis. Etioloxía; Clínica ; Tratamento.</p>
UNIDADE DIDÁCTICA 3	<p>Tema 2: Proceso de queratinización. Concepto de queratopatía. Localización. Clasificación e definición de queratopatías conxénitas e adquiridas.</p> <p>Tema 3: Hiperqueratose: Concepto. Evolución. Localización e tratamento.</p> <p>Tema 4: Prevención de risco biolóxico e actuación en caso de accidente no servizo de Quiropodoloxía. Probas diagnósticas en quiropodoloxía. Técnicas de tratamento quiropodolóxico e de administración de fármacos.</p> <p>Tema 5: Técnicas de deslaminación e enucleación en Quiropodoloxía. Concepto de Tiloma. Características. Localización. Tratamento.</p>
UNIDADE DIDÁCTICA 4	<p>Tema 6: Concepto de Heloma. Causas. Características. Evolución. Localización.</p> <p>Tema 7: Tipos de Helomas. Tratamentos. Terapia avanzada.</p>
UNIDADE DIDÁCTICA 5	<p>Tema 8: Onicoloxía. Concepto. Recordo anatomo-fisiolóxico da uña.</p> <p>Tema 9: Tipos de lámina ungueal. Características. Técnica ergonómica de corte e fresado da lámina ungueal. Profilaxis. Alteracións morfolóxicas da lámina ungueal e tratamento.</p>
UNIDADE DIDÁCTICA 6	<p>Tema 10: Concepto de onicopatía.</p> <p>Clasificación de onicopatías: Conxénitas e adquiridas.</p> <p>Tema 11: Concepto, características e tratamento da Anoniquia; Macroniquia; Microniquia; Polioniquia; Coiloniquia; Onicomadese; Onicolise; Onicoxe; Paquioniquia; Hapaloniquia</p> <p>Tema 12: Definición, clínica e tratamento da: Onicocriptose, Onicogrifose e Hematoma Subungueal.</p> <p>Tema 13: Técnicas de reeducación ungueal. Concepto. Clasificación. Metodoloxía de aplicación.</p> <p>Tema 14: Definición, clínica e tratamento da Onicomucose.</p>



UNIDADE DIDÁCTICA 7	Tema 15: Alteracións ungueais debidas a infeccións, alteracións sistémicas e metabólicas.
UNIDADE DIDÁCTICA 8	Tema 16: Dermatopatías tumorales. Clasificación. Concepto.
UNIDADE DIDÁCTICA 9	Tema 17: Papiloma vírico. Etioloxía. Clasificación. Clínica. Tratamentos.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A113 A114 A116 A117 A118 A120 A122 A124 B23 B24 B25 B26 B29 B30 B34 C9 C11 C14 C16	21	29	50
Seminar	A113 A120 A122 B24 B26 B30 B34 C9 C11 C16	7	12	19
Laboratory practice	A114 A116 A117 A118 A120 B24 B30 C11 C14	18	18	36
Supervised projects	A113 A114 A120 B26 B34 C9 C11 C16	0	21	21
Mixed objective/subjective test	A114 A116 A117 A118 A120 A122 A124 B23 B24 B25 B26 B29 B30 B34 C9 C11 C14 C16	2	20	22
Personalized attention		2	0	2

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	As sesións maxistras consisten en clases expositivas-participativas dos contidos básicos da materia, con apoio de imaxes, gráficos, esquemas, etc. As sesións maxistras centraranse nos contidos principais do temario. Facilitarase a o alumnado o temario cos contidos teóricos básicos da materia (sesión maxistral, seminarios e prácticas) Todo o material estará accesible o alumnado na plataforma Moodle <a href="https://campusvirtual.udc.es/moodle/">https:// campusvirtual. udc.es/ moodle/</a> .
Seminar	Nos seminarios abordaranse temas específicos das unidades didácticas do temario da materia, sobre os cales se desenvolverán actividades en grupo.



Laboratory practice	<p>A asistencia á totalidade das prácticas é obrigatoria e ás mesmas cada alumno/a deberá ir provisto de EPIS: máscara, lentes de protección, bata. Así mesmo deberá portar un cuaderno bolígrafo y tijeras multiusos de su uso individual. bata branca, lentes de protección e tesoiras multiusos.</p> <p>Nas prácticas, cada alumno/a debe ser capaz de alcanzar os seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar as recomendacións universais de prevención de risco biolóxico.</li> <li>- Realizar probas diagnósticas e identificar patoloxías quiropodológicas.</li> <li>- Aprender e aplicar técnicas de deslaminación e enucleación de queratopatías e adestrarse nestas técnicas mediante prácticas manuais, para adquirir destreza e hábito quiropodológico.</li> <li>- Confeccionar almohadillas e proteccións.</li> <li>- Adquirir os coñecementos para a aplicación de tratamentos e técnicas de corrección e reeducación da lámina ungueal.</li> <li>- Confeccionar uñas de resina con fin terapéutico e/ou estético.</li> <li>- Realizar técnicas e aplicar protocolos de actuación quiropodológica.</li> <li>- Aplicar a historia clínica.</li> <li>- Realizar técnicas de exploración, diagnóstico e tratamento quiropodológico.</li> <li>- Coñecer e aplicar técnicas de tratamento en patoloxía dérmica.</li> <li>- Identificar e tratar queratopatías e helomas, alteracións da lámina ungueal, dermatopatías e papilomas.</li> <li>- Aplicar técnicas de administración de fármacos.</li> </ul> <p>Ao finalizar todas as prácticas cada alumno/a deberá entregar unha memoria de prácticas seguindo unas directrices determinadas marcadas o inicio da materia e nun prazo de entrega fixado o comenzo do curso.</p>
Supervised projects	Realizarase un traballo en grupo dun tema relacionado coa materia cuxos requisitos e prazo de entrega comunicaranse ao comezo da docencia da materia.
Mixed objective/subjective test	Exame de preguntas test relacionadas cos contidos da materia tanto de sesións maxistras como de seminarios, prácticas de laboratorio e traballos. O día do exame facilitarase información sobre a puntuación das preguntas.

**Personalized attention**

Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test Laboratory practice Guest lecture / keynote speech Supervised projects Seminar	A atención personalizada desenvólvese de maneira programada mediante acordo previo entre o alumnado e a profesora nun horario planificado de atención o alumnado, ou de forma virtual por correo electrónico, teléfono ou Teams.

**Assessment**

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A114 A116 A117 A118 A120 A122 A124 B23 B24 B25 B26 B29 B30 B34 C9 C11 C14 C16	<p>Exame de preguntas test relacionadas cos contidos da materia tanto en sesións maxistras como en seminarios, prácticas de laboratorio e traballos tutelados. O día do exame facilitarase información sobre a puntuación das preguntas.</p> <p>Para superar a proba mixta será necesario obter o 60% de respostas correctas do test. Cada 3 respostas incorrectas da próba test, restan 1 resposta correcta.</p> <p>Queda terminantemente prohibido acudir ao exame con calquera tipo de dispositivo electrónico (incluíndo teléfono, computador, calculadora, tablet, auriculares, gravadora, reloxo). Durante o exame todo o alumnado deberá de manter o pelo recolleito cos pavillóns auditivos visibles.</p>	60



Laboratory practice	A114 A116 A117 A118 A120 B24 B30 C11 C14	A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria na súa totalidade para superar a materia. A avaliación das prácticas realizarase a través da avaliación continuada dos coñecementos, habilidades e destrezas demostrados nas prácticas e a elaboración e entrega dunha memoria final de prácticas e un acta.	17
Supervised projects	A113 A114 A120 B26 B34 C9 C11 C16	Os traballos faranse seguindo as directrices propocionadas pola profesora. Avaliarase o contido, metodoloxía e bibliografía consultada do traballo realizado. Cada grupo de alumnos realizará unha presentación e exposición do seu traballo. A asistencia e presentación dos traballos é obrigatoria. Os traballos, a súa presentación e defensa serán avaliados mediante rúbrica polo resto de grupos e a profesora. A profesora proporcionará ao alumnado a rúbrica de avaliación. Ou alumnado fará unha acta de traballo, nela contemplarase a participación do alumnado, a asignación de tarefas, desenvolvemento, planificación dos traballos tutelados e cronograma de reunións de traballo. É obrigatorio asistir a presentación, exposición e defensa do traballo.	15
Seminar	A113 A120 A122 B24 B26 B30 B34 C9 C11 C16	A avaliación dos seminarios avaliarase en función da presencialidade e a participación de cada alumno/a nas actividades a realizar nos mesmos.	8

Assessment comments



Para superar a materia é

necesario realizar e superar a totalidade das prácticas de laboratorio así como superar a proba mixta (nota que supón o 60 % da nota total da materia onde será preciso acadar un resultado igual ou superior o 60% de respostas correctas do test). Unha vez superadas as prácticas e a proba mixta, para superar a materia será necesario obter unha nota media total igual ou superior ao 50% (nota numérica de de 5 sobre 10) da cualificación total da materia, nota que incluírá a avaliación das metodoloxías da proba mixta, prácticas de laboratorio, seminarios e traballos tutelados.

No caso de non superar a proba mixta

(resultado que supón obter menos do 60% das respostas correctas do test, sobre o 60% da nota total da materia), non se poderán sumar a esta nota, a nota resultante do resto de metodoloxías avaliadas (prácticas de laboratorio, seminarios e traballos tutelados), mentras non se supere esta proba mixta. A a nota resultante do resto de metodoloxías avaliadas supón o 40% da nota total da cualificación da materia, polo tanto a materia non se pode considerar superada.

Para que as actividades propostas de cada

metodoloxía poidan ser avaliadas o alumnado entregará estas actividades propostas en tempo e forma.

Os coñecementos a avaliar inclúen os

contidos tratados nas clases maxistrais, nos seminarios, nas prácticas de laboratorio, nos traballos tutelados, así como o material de traballo e as diapositivas que a profesora entrega o alumnado e que está colgado nas plataformas telemáticas dispoñibles para a materia, e ademais os contidos da bibliografía recomendada. Aconséllase o alumnado completar toda a información proporcionada anteriormente consultando as fontes de información para a materia.

No caso de non presentarse ou non superar

a proba mixta na primeira oportunidade, e ter superadas as prácticas, as cualificacións das prácticas, seminarios e traballos tutelados (que supoñen o 40% da nota total da materia), gardarase, e esta cualificación computarán na segunda oportunidade, sempre que nesta segunda oportunidade se supere a proba mixta (que supón o 60% da nota total da materia, onde será preciso acadar un resultado igual ou superior o 60% de respostas correctas do test).

Matricula de honra. As condicións para a obtención dunha matricula de

honra son que o alumno obteña unha nota igual ou superior a 9,5 da cualificación numérica da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa evolución curricular fose significativa.

Non presentado. O alumnado que non realice o 100% das prácticas de laboratorio, será avaliado como "Non Presentado", independentemente da súa participación noutras actividades incluíndo a proba mixta.

2ª Oportunidade: O alumnado que se presente a 2ª oportunidade, previa realización e superación das prácticas de laboratorio, e outras actividades (seminarios, traballos tutelados), aplicaráselle os mesmos criterios e porcentaxes que na primeira oportunidade. Para que estas porcentaxes computen na nota final da materia, terá que superar a proba mixta acadando unha puntuación do 60% das respostas correctas do examen test.



O alumnado que non realizou e superou as prácticas de laboratorio, para superar a materia terá que realizar obrigatoriamente e superar estas prácticas no seguinte curso académico, tendo en conta que pode volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só as partes que non realizou e as que non superou con apto, ademais de ter que facer a proba mixta.

Convocatorias de segunda e posteriores

matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e teñan superadas as prácticas obrigatorias de forma completa coa cualificación de apto, e o resto de actividades, gardaraselle as notas das partes superadas, e neste caso terá que facer a proba mixta, unha vez superada computará co resto de das cualificacións superadas. Para superar a materia o estudante deberá realizar e superar as prácticas de laboratorio e a proba mixta.

Alumnado en matrícula parcial: O alumnado en matrícula parcial debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comezo do curso. Para este alumnado e todos os demais é obrigatorio asistir o 100% da realización das prácticas de laboratorio. Este alumno/a debe ter en conta que na súa condición a presencialidade e participación nas diferentes actividades da materia e opcional, non obstante a cualificación dos seminarios e traballos tutelados pode obterse mediante a realización de traballos dirixidos que o alumno/a realizará de forma individual e autónoma, previo acordo coa profesora ó inicio do curso. Para poder ser avaliado o alumnado terá que entregar as actividades propostas para cada metodoloxía en tempo e forma. Neste caso o alumnado, pode acollerse a modalidade de avaliación ordinaria, ou a de aplicación dos seguintes porcentaxes: Proba mixta computará na avaliación o 75%, prácticas de laboratorio o 15%, e traballo tutelado o 10%.

Dispensa académica: No caso do alumnado con condición de dispensa a asistencia ós seminarios substituiranse pola realización de un traballo sobre un tema relacionado coa materia de Quiropodoloxía II, acordado e planificado coa profesora ó inicio do curso. Para este alumnado, igual que todos os demais é obrigatorio asistir o 100% da realización das prácticas de laboratorio. As porcentaxes aplicadas na avaliación serán as seguintes: A proba mixta computará o 75%, a realización das prácticas de laboratorio un 15% e o traballo tutelado o 10%. Para poder ser avaliadas o alumnado terá entregara as actividades propostas para cada metodoloxía en tempo e forma.

Convocatorias da oportunidade

adiantada de avaliación : Aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adelantada de avaliación, cumpran cos requisitos, concédaselle e teñan superadas as prácticas, poderán presentarse a proba mixta. Neste caso os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto de alumnos.

Estudiantes de mobilidade-intercambio (Sicue, Erasmus, bilateral) No caso do alumnado con condición de estudante de mobilidade debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comezo do curso. Para este alumnado e todos os demais é obrigatorio asistir o 100% da realización das prácticas de laboratorio. Este alumno/a debe ter en conta que na súa condición a presencialidade e participación nas diferentes actividades da materia e opcional no caso de solapamento de horarios, non obstante a cualificación dos seminarios e traballos tutelados pode obterse mediante a realización



de traballos dirixidos que o alumno/a realizará de forma individual e autónoma, previo acordo coa profesora ó inicio do curso. Para poder ser avaliado o alumnado terá que entregar as actividades propostas para cada metodoloxía en tempo e forma.

Neste caso o alumnado, pode acollerse a modalidade de avaliación ordinaria, ou a de aplicación dos seguintes porcentaxes: Proba mixta computará na avaliación o 75%, prácticas de laboratorio o 15%, e traballo tutelado o 10%.

Plaxio. Na realización dos traballos da materia o plaxio e a utilización de material non orixinal incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.



## Sources of information

<p><b>Basic</b></p>	<p>- ( ) . .</p> <p>HILL, MARCIA J.: Trastornos cutáneos. . Mosby/Doyma (98?) UMBERT, P. Y SÁNCHEZ-REGOÑA., M. : Manual de dermatología práctica. J.R. Prous Editores (1995) MIX, GODFREY: Podología. Cuidados del pié. . Paraninfo/Thomson Learning.(2001) Martínez Nova. Podología, Atlas de cirugía ungueal . Ed. Panamericana. Madrid, 2006. Viadé Juliá J. Pie diabético: guía práctica para la prevención, evaluación y tratamiento . Ed. Panamericana. Aragón/Lázaro. Atlas del manejo práctico del pie diabético . Masson 2004; Zalacain A, Ogalla JM, Garcia-palos. Atlas y sinopsis de enfermedades cutaneas del pie . Edikamed: 2008. Nuñez Samper M, Llanos Alcázar. Biomecanica, Medicina y Cirugía del Pie . Masson: Barcelona, 2000. Gómez Ortiz Santiago, Gómez Facundo Santiago. Guía farmacológica de utilización en podología . Nexus medica editores: 2010 Comisión de Formación del Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos. Guia Práctica de protocolos quirúrgicos en Podología. Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos: 2009 Nuñez Samper M, Llanos Alcázar. Habilidades clínicas para el tratamiento del pie . Elsevier 2007; Turner, W.A., Merriman, L.M. Técnicas Quirúrgicas en Cirugía del Pie . Masson, Barcelona 2001. Baran, R et al. Onicología. Biología y alteraciones de la unidad ungueal . Ed. Aula Médica. Madrid. 2006 Conejo- Mir, et .al. Manual de dermatología . Ed. Aula médica. Madrid. 2010. Zalacain. A, Ogalkla J.M, Garcia Patos.V. Atlas y sinopsis de enfermedades cutáneas del pie . Ed. Edika Med. Barcelona. 2008. Fitzpatrick. dermatología en medicina general 6ª Edición. Editorial Panamérica. 2005 Gómez Ortiz, Santiago. Gómez Facundo, Santiago. " Guía farmacológica de utilización en podología 2015 ". Badalona Nexus Médica García Carmona, Francisco Javier ed. /Córdoba Fernández, Antonio. " Dermatología podológica ". Barcelona Ediciones Especializadas Europeas DL 2013. Guerra Tapia, A, González Guerra", E. Atlas de Dermatología del Pie ". Madrid Editorial Médica Panamérica, S.A. 2015. F.J. Vazquez Doval. Atlas de enfermedades de las uñas. Valero Salas J. Tumores de la piel y de las partes blandas del pie. Santander: Exa 2003. García Carmona FJ, Fernández Morato D. Guía práctica de Dermatología podológica. Barcelona: Isdin, Ediciones Mayo. 2005. Prieto, J. Maestre Vera, Juan Ramón. Manual de infecciones del pie. Madrid: Mileto DL 2003. Cordero, Cabrerros, Allevato y Domotti: Manifestaciones &amp;nbsp;cutáneas de las enfermedades sistémicas. Panamericana 1997 Alonso Peña D. Atlas de Dermatología del pie. 1ª Edición . Editorial Panamérica. 2007 Gómez Ortiz, Santiago y Gómez Facundo, Santiago. Guía farmacológica de utilización en podología. Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos. Barcelona: Nexus Médica Editores S.L. 2015 Prieto, J Maestre Vera, Juan Ramón. Manual de infecciones del pie. Madrid: Mileto DL . 2003 Cordero, Cabrerros, Allevato y Domotti: Manifestaciones &amp;nbsp;cutáneas de las enfermedades sistémicas. Panamericana 1997. Forbes, Jackson, Harcourt, Brace: Atlas de Medicina Interna. 2ª Edición. 1997.</p>
<p><b>Complementary</b></p>	<p>REVISTAS CIENTIFICAS RECOMENDADAS. 1. Revista Española de Podología. 2. El Peu. 3. Revista Internacional de Ciencias Podológicas. 4. Podología Clínica. 5. British Journal of Podiatry Medicine, Surgery. 6. The Chiropodest.</p>

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02104

Microbiology and Parasitology/750G02107

Chiropody 1/750G02125

General Concepts of Surgery/750G02127

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Digital Orthopedics and Footwear Therapy/750G02117

Diagnostic Imaging/750G02112

### Subjects that continue the syllabus



Preventive Podiatry [to extinguish]/750G02015

Podiatric Surgery 2/750G02129

Final Dissertation/750G02133

Practicum II/750G02135

Practicum III/750G02136

Dermatology/750G02124

Practicum I/750G02134

Technics of Anesthesia and Resuscitation in Podiatry/750G02138

Pharmacological Therapy/750G02122

Podiatric Surgery 1/750G02128

Diabetic Foot/750G02131

Other comments



Gravación e fotografía. Non se poderán gravar nin fotografar, nin as clases, seminarios, talleres, exposición de traballos nin prácticas de laboratorio salvo naqueles casos excepcionais nos que a docente outorgue&nbsp; a súa autorización expresa e as persoas interesadas dean o seu consentimento.

&nbsp;IMPORTANTE PRÁCTICAS DE LABORATORIO Para a realización das prácticas de laboratorio é un requisito imprescindible acudir ás mesmas provistos de bata branca, lentes de protección, máscara, bolígrafo, caderno e tesoiras multiusos. Na primeira clase do curso, estableceranse os grupos de prácticas para configurar o cronograma e a relación de materiais necesarios para estas prácticas de laboratorio, polo que é básico asistir a esa primeira clase da materia.

&nbsp;Para un mellor aproveitamento das prácticas é recomendable que o alumno/a dispoña do seguinte instrumental: Mango de bisturí do nº 3 e follas de bisturí do nº 15, pinzas de disección s/d, mosquito s/d e porta-agullas.

&nbsp;Obxectivos de desenvolvemento sostible: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sostible ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol".

&nbsp;? A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase e entregaranse en formato dixital, sen impresión nin emprego de plásticos. No caso de ser necesario a utilización de papel a impresión será a dobre cara, empregando papel reciclado e evitando a impresión de borradores.

&nbsp;? Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tenendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

? Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

? Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalo fomentando valores de respecto e igualdade. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas.

Plaxio: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel que se obtén a través de internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese dar lugar tras o correspondente procedemento.





(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.